

Referencia:	2020/30092R
Procedemento::	Expedientes de aprobación y modificación de los presupuestos del CAV
Interesado:	
Representante:	
INTERVENCIÓN (4855)	

INFORME DE INTERVENCION

Mónica Legaspi Díaz, Interventora Xeral da Deputación Provincial de Ourense e do Consorcio, do que é Presidente D. Pablo Pérez Pérez en cumprimento da citada base legal;

BASE LEGAL:

ARTÍGO 168.4 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DE FACENDAS LOCAIS

ARTÍGO 214 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DE FACENDAS LOCAIS

ARTÍGO 18.4 DO REAL DECRETO 500/90

ARTÍGO 4.1 DO REAL DECRETO 1174/87

LEI 57/2003 DE 16 DE DECEMBRO DE MEDIDAS PARA A MODERNIZACIÓN DO GOBERNO LOCAL

LEI 38/2003 DE 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCÍONS

LEI 58/2003 DE 17 DE DECEMBRO, XERAL TRIBUTARIA.

LEI 47/2003 DE 26 DE NOVEMBRO, XERAL PRESUPUESTARIA

LEI ORGANICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA

RD 424/2017, DE 28 DE ABRIL, DE REGIMEN XURIDICO DO CONTROL INTERNO DAS ENTIDADES DO SECTOR PUBLICO LOCAL.

RD 128/2018, DE 16 DE MARZO, POLO QUE SE REGULA O RÉXIME XURÍDICO DOS FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACION NACIONAL.

De conformidade co establecido na normativa indicada, emite informe sobre o proxecto de orzamento xeral ordinario para 2021, formado polo Sr. Presidente do Consorcio de Augas de Valdeorras, en cumprimento do preceptuado no artigo 168.4 do texto refundido da Lei de Facendas Locais e 18.1 do Real Decreto 500/90.

INFORMA

1º.- O expediente sometido ó preceptivo informe da Intervención consta dos seguintes documentos:

1. Estado de Gastos
2. Estado de Ingresos
3. Bases de execución
4. Memoria da presidencia.
5. Liquidación do 2019 (Estado de execución a 31-12-19)
6. Avance da liquidación do 2020
7. Anexo do persoal do Consorcio.
8. Anexo de investimentos
9. Informe Económico – Financeiro
10. Informe de Intervención
11. Informe de estabilidade orzamentaria
12. Proposta de ditame da Presidencia.

Obran no expediente tódolos documentos obrigatorios que esixen os artigos 168.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

2º.- Os **estados de gastos e ingresos do orzamento ascenden a 1.311.775,00 euros** respectivamente.

O orzamento presentado polo Sr. Presidente está formalmente equilibrado e cumpre co preceptuado no artigo 165.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 16.1 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.

E necesario informar do incumprimento deste Consorcio co artigo 193, 1),2) e 3) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, "1. *En caso de liquidación del presupuesto con remanente de tesorería negativo, el Pleno de la corporación o el órgano competente del organismo autónomo, según corresponda, deberán proceder, en la primera sesión que celebren, a la reducción de gastos del nuevo presupuesto por cuantía igual al déficit producido. La expresada reducción sólo podrá revocarse por acuerdo del Pleno, a propuesta del presidente, y previo informe del Interventor, cuando el desarrollo normal del presupuesto y la situación de la tesorería lo consintiesen.*

2. *Si la reducción de gastos no resultase posible, se podrá acudir al concierto de operación de crédito por su importe, siempre que se den las condiciones señaladas en el artículo 177.5 de esta ley.*

3. *De no adoptarse ninguna de las medidas previstas en los dos apartados anteriores, el presupuesto del ejercicio siguiente habrá de aprobarse con un superávit inicial de cuantía no inferior al repetido déficit "*

Preséntase esta proposta de orzamentos para o exercicio 2021 sen ter en conta o incumprimento dende o exercicio 2016 co obxectivo de estabilidade orzamentaria, producindo unha situación de desequilibrio ou de déficit en termos de capacidade de financiación.

Esta situación implica que a Asemblea do Consorcio de Augas de Valdeorras debería ter aprobado un Plan económico financeiro de reequilibrio dende o primeiro exercicio

de incumprimento, segundo o exposto no artigo 21 da Lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Este incumprimento pode implicar para o Consorcio que se lle apliquen as medidas coercitivas previstas no artigo 25.1 e 25.2 da Lei 2/2012, de 27 de abril.

Analizamos polo miúdo os capítulos de gasto corrente do orzamento:

3º.A) Gastos de persoal.

PERSOAL LABORAL FIXO

O capítulo 1 de gastos engloba os créditos destinados para as retribucións dos dous administrativos, dos oficias de redes e plantas e dos condutores dos camiós impulsor- sucionador , máis os gastos de Seguridade Social a cargo da empresa dos mesmos.

3º.B) Compra de bens correntes e servizos.-

O capítulo II do orzamento de gastos contén os créditos necesarios para o pago de seguros de RC, de vixilancia e seguridade no traballo, aluguer do local de traballo e dos camiós necesarios para o bo funcionamento do servizo, combustible etc, destacando sobre o resto a cantidade asinada as asistencias técnicas de abastecemento, saneamento e depuración, así como, o custo de enerxía eléctrica necesario para o mantemento do servizo.

3º.- A previsión dos ingresos correntes do orzamento realizase tendo en conta o efectivamente realizado no exercicio anterior no suposto do abastecemento e saneamento do concello do Barco de Valdeorras, e no caso das taxas de depuración, segundo o cálculo efectuado polo Director da área de Medio Ambiente da Deputación de data 28 de outubro de 2020 e aprobado pola Asemblea do Consorcio de Augas de Valdeorras na data 12 de novembro de 2020, no informe- proposta de subida de taxas do servizo de depuración de augas residuais para o Consorcio.

4º.- As bases de execución do orzamento regulan axeitadamente a xestión orzamentaria e contable, contendo tódalas disposicións a que fan referencia os artigos 165.1 da Lei de Facendas Locais e o artigo 9.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril: *"El Presupuesto General atenderá al cumplimiento del principio de estabilidad en los términos previstos en la ley 18/2001, General de Estabilidad Presupuestaria, y contendrá para cada uno de los presupuestos que en él se integren:*

los estados de gastos, en los que se incluirán, con la debida especificación, los créditos necesarios para atender al cumplimiento de las obligaciones

Los estados de ingresos, en los que figurarán las estimaciones de los distintos recursos económicos a liquidar durante el ejercicio.

Asimismo, incluirá las Bases de Ejecución, que contendrán la adaptación de las disposiciones generales en materia presupuestaria a la organización y circunstancias de la propia Entidad (...)".

O que non estea regulado nestas Bases , aplicarase o establecido nas Bases de execución do Orzamento xeral da Entidade matriz, a Deputación Provincial.

5º.- A tramitación do expediente para a aprobación do Orzamento acomodarse ao seguinte procedemento, conforme o exposto no artigo 169 do TRLRHL

- a) Aprobación inicial pola Asemblea do Consorcio e do Pleno da Deputación.
- b) Exposición pública nos BOP e taboleiro de Edictos por quince días hábiles. De non existir reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado. Se existen reclamacións, o expediente debe volver o Pleno, que resolverá sobre as mesmas nun prazo máximo dun mes.
- c) Aprobado definitivamente, exporase ao público por capítulos nos mesmos medios.
- d) Inserción do orzamento do Consorcio unha vez aprobado definitivamente, no Orzamento xeral da Deputación. .
- e) Non entrará en vigor ata transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85.

- f) Remisión de copia á Administración do Estado e da CCAA
- g) O expediente deberá estar a disposición do público ao longo de todo o exercicio xunto coas modificacións que se produzan.

6º.- Avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública segundo o exposto na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

O pasado 20 de outubro de 2020, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta o acordo do Consello de Ministros do 6 de outubro de 2020 polo que se solicita ao Congreso dos Deputados a apreciación de que estamos a sufrir unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria , co fin de aplicar a previsión constitucional que permite superar nestes casos, os límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública.

Coa apreciación adoptada pola maioría absoluta do Congreso e coa efectividade dende o mesmo día no que se tomou o acordo, quedan suspendidos durante os exercicios 2020 e 2021 os obxectivos de estabilidade e de débeda, así como a de regra de gasto.

En calquera caso, a suspensión das regras fiscais non implica a suspensión da aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade financeira, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ni do resto da normativa de facenda, que continúan todas en vigor.

Igualmente, non desaparece a responsabilidade fiscal, xa que o Goberno fixou unha taxa de referencia para as Corporacións locais para o exercicio 2021 dun 0,1% do PIB que servirá de guía para a actividade da entidade.

A suspensión das regras fiscais, non supón a desaparición da responsabilidade fiscal de cada unha das administracións públicas as que se refire o artigo 8 da referida Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, como tampouco desaparece o principio de prudencia a hora de executar os orzamentos.

A.- Non cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, nin coa regra de gasto producíndose este feito dende o exercicio 2016.

B.- Non ten endebedamento.

En consecuencia ao exposto e de conformidade co establecido no artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais procede informar:

O Orzamento para o exercicio 2021 cumpre coas prescricións legais e contén as previsións necesarias para atender as obrigas do Consorcio e os dereitos que se calcula liquidar durante a súa execución, pero **Incumpre con exposto no artigo 193 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto, sen que a Asemblea aprobase un Plan Económico Financeiro para subsanar os problemas que arrastra o Consorcio dende o exercicio 2016** , polo que dende esta Intervención **se informa desfavorablemente.**

Tal é a opinión da que subscribe, que somete a Asemblea do Consorcio.